

Hoxe, nun mitin en Carballo co cabeza de lista pola provincia da Coruña, Diego Calvo, e o tamén candidato pola lista provincial Rubén Lorenzo

Alfonso Rueda pide o voto para a Galicia que aposta polos servizos e as infraestruturas da Costa da Morte

- Unha aposta que se materializa no futuro Centro Integral de Saúde (CIS) de Carballo, que contará cunha área de hemodiálise para que os doentes non teñan que desprazarse á Coruña, ou na prolongación da autovía da Costa da Morte ata Vimianzo
- O presidente asegura que o 18-F só hai dúas opcións: ou confiar no PPdeG para que haxa un goberno no que só manden os galegos co seu voto ou un multipartito no que mandará o nacionalismo máis radical e que será un reflexo das liortas internas dos partidos que o compoñen

7 de febreiro de 2024. O presidente e candidato do PPdeG, Alfonso Rueda, pediu hoxe o voto para que Galicia siga funcionando e apostando pola Costa da Morte con medidas como a posta en marcha do Centro Integral de Saúde (CIS) en Carballo ou a prolongación da autovía da Costa da Morte ata Vimianzo.

O CIS – que proximamente abrirá as súas portas contará cunha área de hemodiálise para que os doentes non teñan que desprazarse á Coruña– representa o compromiso do PPdeG á hora de ofrecer unha sanidade de primeira en todo o territorio. Pola súa banda, a prolongación da autovía como vía de alta prestacións é unha clara aposta pola mellora da mobilidade dos galegos.

Subliñou neste sentido que para el e o seu partido o único importante son o presente e o futuro de Galicia e o benestar, o crecemento e a dignidade dos galegos. Avogando así por unha Galicia na que as escolas infantís son gratuítas, na que os galegos pagan menos impostos e na que a sanidade pública conta con máis persoal e investimento que nunca.

E precisamente para que Galicia siga funcionando durante os próximos anos, Alfonso Rueda afirmou que só hai dúas opcións: ou confiar no PPdeG para que haxa

un goberno no que só manden os galegos co seu voto ou un multipartito no que mandará o nacionalismo máis radical e que será un reflexo das liortas internas dos partidos que o compoñen.

Chamou así a apostar pola Galicia orgullosa, unida, próspera e potente a través dunha maioría suficiente que permita que a nosa Comunidade siga goberada desde a responsabilidade, a xestión e o sentidiño.